



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 19 DE DECEMBRO DE 2011

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/2430/2010.- ANIBAL COSTA SEÑARIS.- Construcción de vivenda unifamiliar no lugar de Son de Abaixo.

LIC/417/2011.- AZAM BASIRI.- Construcción de vivenda unifamiliar na rúa da Cruz de Outenín- Larañiño.

LIC/418/2011.- AZAM BASIRI.- Construcción de vivenda unifamiliar na rúa da Cruz de Outenín- Larañiño.

LIC/1648/2011.- ALFONSO BARCO PÉREZ.- Construción de vivenda unifamiliar no lugar da Cacharela-Agro de Mateo.

LIC/2248/2011.- XOVE COMPOSTELANA, SOC.COOP. DE VIVENDAS.- Cambio de titularidade e corrección de erro.

PARCELACIÓNS

LIC/1300/2011.- ROSENDO ANGEL LOPEZ TABOADA.- Parcelación de finca no lugar de San Ignacio del Monte.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/1868/2011.- ALBINO PONTE PAZOS.- ...LIC/2009/2000 e LIC/1790/20051.779 €

LIC/2342/2011.- EUGENIA SEXTO LISTE.-LIC/853/2003.....4.000 €

LIC/2343/2011.- FRUTAS LA CATEDRAL, SL.-LIC/129/2008.....3.000 €

OCIHR

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/294/2011.- Jesus Gonzalez Barcia.- Derruba de vivenda unifamiliar na Rúa Vista Alegre nº 4.

LIC/297/2011.-. Jesus Gonzalez Barcia.- Rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar na Rúa Vista Alegre nº 4.

LIC/2614/2010.- XUNTA DE GALICIA. SECRETARIA XERAL E DO PATRIMONIO CONSELLERÍA DE FACENDA.- Rehabiliación de edificio para oficinas na Rúa Algalia de Arriba nº 31.

LIC/131/2011.- ARZOBISPADO DE SANTIAGO.- Nivelación das lapidas no adro da igrexa de Marrozos.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

LIC/2265/2011.- SACYR S.A.U.- Devolución de fianza de 12.000 € depositada para responder posibles danos por remodelación de edificio da policía na Avda.Rodrigo de Padrón (LIC/195/2009)

4.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa a axuda de carácter social.

Aprobouse a concesión dunha axuda por un importe de 450 €.

5.- Proposta da concelleira dlegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación definitiva de axudas para vivendas da área de rehabilitación integral do casco histórico.

A XGL aprobou a concesión definitiva de axudas para a rehabilitación integral de vivendas no Casco Histórico, incluídas na décima fase do Convenio entre o Ministerio de Fomento, o IGVS e o Concello de Santiago. Estas axudas teñen un importe de 16.766,41 €.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación definitiva de axudas para vivendas da Área de Rehabilitación Integral de Vista Alegre, incluídas na 3ª fase do convenio entre actual Secretaría de Estado de Vivenda e actuacións urbanas, (encadrada no Ministerio de Fomento) e o Concello de Santiago de Compostela. Anualidade 2011.

A XGL aprobou a concesión definitiva de axudas para a rehabilitación integral de vivendas en Vista Alegre, incluídas na terceira fase do Convenio entre o Ministerio de Fomento, o IGVS e o Concello de Santiago. Estas axudas teñen un importe total de 100.808,24 €.

7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación definitiva de axudas para vivendas da Área de Rehabilitación Integral de Vista Alegre, incluídas na 4ª fase do convenio entre actual Secretaría de Estado de Vivenda e actuacións urbanas, (encadrada no Ministerio de Fomento) e o Concello de Santiago de Compostela. Anualidade 2011.

A XGL aprobou a concesión definitiva de axudas para a rehabilitación integral de vivendas en Vista Alegre, incluídas na cuarta fase do Convenio entre o Ministerio de Fomento, o IGVS e o Concello de Santiago. Estas axudas teñen un importe total de 92.828,33 €.

8.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa á resolución de contrato por mutuo acordo.

A XGL aprobou a proposta da Concelleira de Benestar e por mutuo acordo das partes resolver a parte do contrato non executada coa empresa Gaela Consultora, xa que por diferentes problemas non se puideron cumprir os prazos establecidos para levar a cabo algunhas accións.

9.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación do texto do manual de procedementos e xestión e control do proxecto Urbana Santiago Norte, dos seus anexos e ficha descritiva do sistema de xestión e control.

Como unha obriga dentro do Programa Urbana Norte, a XGL aprobou a proposta da Alcaldía o texto do Manual de Procedementos de Xestión e Control do Proxecto Urbana Santiago Norte, do que o Concello de Santiago é responsable da redacción.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Educación relativa a informe referente a cambio de denominación dun CEIP.

A proposta do concelleiro de Educación a XGL aprobou a modificación da denominación do CEIP Prácticas López Ferreiro, debido ás confusións que se xeran e a petición do director do Centro, polo que a partir de agora a súa denominación é Colexio de Educación Infantil e Primaria Antonio López Ferreiro.

11.- Autorización transmisión licenza autotaxi nº 30 a favor do asalariado DAVID GAGO IGLESIAS.

Autorízase a transmisión.

12.- Denegación da transmisión licenza taxi nº 52 a favor do asalariado MARIA PAZ JUNQUERA LEON.

Denégase a transmisión.

13.- Autorización transmisión licenza de autotaxi nº 31, a favor do asalariado DOMINGO GONZALEZ LODEIRO.

Autorízase a transmisión.

14.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á modificación do prazo de presentación de solicitudes de axudas sociais.

A XGL aprobou modificar o prazo de presentación dos xustificantes para solicitar as axudas sociais, polo que as axudas de 2011 poderán xustificarse entre o 2 de xaneiro e 28 de febreiro.

15.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao pagamento de produtividade correspondente ao segundo semestre de 2011.

A XGL aprobou o pago da paga de produtividade.

16.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación da resolución da convocatoria de axudas sociais correspondentes ao ano 2011.

A XGL aprobou o pago das diferentes axudas sociais do persoal do Concello para estudos, vivenda, gardería, sanitarias, acceso a instalacións deportivas, obtención e renovación do permiso de conducir, contratación de asistencia sanitaria, por un importe de 283.158,12 €.

17.- Propostas da concelleira delegada de Persoal relativas á aprobación de incentivos por xubilación.

A XGL aprobou a proposta da concelleira de Persoal conceder o incentivo de xubilación aos herdeiros dun Policía Local de Santiago por falecemento en servizo activo, segundo o disposto no Convenio Regulador e o Código Civil.

18.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao aboamento de horas extraordinarias/gratificación por servizos extraordinarios.

A XGL aprobou o pago de horas extraordinarias dos traballadores do Concello de Santiago de Administración, Policía e Bombeiros. O importe é de 156.484,20 €.

19 a 72.- Proposta da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor do terreo de natureza urbana, no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, taxas pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, saneamento e depuración de augas residuais e subministro de auga e conservación de contadores.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

73.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á solicitude de redución en diversos recibos xerados en concepto do Imposto sobre Bens Inmobles, e taxas pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, saneamento e depuración de augas residuais e subministro de auga e conservación de contadores.

A XGL rexeitou unha solicitude de redución das devanditas taxas xa que a normativa reguladora non contempla ningún beneficio fiscal por minusvalía.

74.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa á aprobación do proxecto de Regulamento de Organización e funcionamento do Consello sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade do Concello de Santiago de Compostela.

A XGL aprobou o anteprojecto do Regulamento de Organización e funcionamento do Consello sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade do Concello de Santiago de Compostela.

75.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego para dar conta da renuncia a unha subvención da Deputación Provincial da Coruña e da comunicación desta entidade pola que se incoa procedemento de reintegro, acordo de dito reintegro e solicitude de anulación da liquidación dos xuros de mora.

A XGL aprobou reintegrar á Deputación Provincial da Coruña o anticipo prepagable da subvención concedida para o Programa Compostela Corresponsable que ascende á cantidade de 26.183,73 €, debido á falta de tempo para cumprir coas obrigas de xustificación no prazo establecido.

77.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais para dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela, para financiar o programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural do concello no ano 2011.

Deuse conta á XGL do Convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para a financiación do Programa de actividades dos Centros Socioculturais do ámbito rural. Levaranse a cabo accións de acercamento aos propios centros, obradoiros de formación, exposicións, lectura, actividades de encontro como festas estacionais e actividades de terceira idade. O custo deste Programa é de 175.000 €, dos que a Deputación podería achegar ata un máximo de 140.000 €, o que representa un 80%.

78.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais para dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Consorcio da cidade de Santiago de Compostela e a Concellería de Centros Socioculturais ano 2011.

Deuse conta á XGL da sinatura do Convenio de colaboración entre o Consorcio de Santiago e a Concellería de Centros Socioculturais para Accións Culturais de base por un importe de 30.000 €. Neste caso trátase de levar a cabo tarefas de dinamización, alfabetización así como o mantemento e control das aulas cando funcionan en réxime de aulas abertas.

URXENCIAS

- 1.- Apróbase a sinatura dun convenio de colaboración co Consorcio para crear un inventario do patrimonio artístico do Concello.
- 2.- Apróbase a concesión de bolsas a 15 alumnos da Escola de Educación Especial Duques de Lugo para o programa “Á auga patos”.
- 3.- Apróbase a sinatura dun convenio coa Secretaría Xeral de Igualdade para a posta en marcha dun servizo de teletradución na Concellería de Familia co obxectivo de facilitar a asistencia a mulleres inmigrantes vítimas da violencia de xénero.
- 4.- Apróbase a modificación do cadro de persoal.